

A lírica popular no Día das Letras Galegas 2025

ALBERTO GONZÁLEZ-GARCÉS
Investigador mariño e escritor



A Real Academia Galega (RAG), tal como explica Ana Boullón Agrelo, académica numeraria da RAG, acordou dedicar o Día das Letras Galegas de 2025 á poesía popular oral, personificada en sete mulleres cantareiras: Adolfinia e Rosa Casás Rama, de Cerceda; Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e mais Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, de Mens, integrantes estas catro últimas das Pandei-reiras de Mens (Malpica).

Máis alá destas cantareiras concretas, existe en Galicia unha lírica popular de moitísima relevancia que foi transmitida fundamentalmente por vía oral grazas ás cancións que pasaron de xeración en xeración sen un soporte escrito. A finais do século XIX, certas agrupacións tales como o Orfeón Coruñés ou Aires da Terra, de Pontevedra, comezaron a recoller algunhas destas cancións e transcribílas. Esta recollida foi continuada por outros grupos e orfeóns. Máis tarde, investigadores e estudantes da Universidade de Santiago de Compostela, especialmente Constantino García, catedrático de Filoloxía Románica e primeiro director do Instituto da Lingua Galega, e os seus alumnos, fixeron un grande esforzo neste sentido e ao tempo de recoller cancións, tamén foron buscando palabras usadas no medio rural. Lémbrome de cando a finais dos anos sesenta e primeiros dos setenta do século pasado eu axudaba a algúns destes estudantes a buscar os nomes das partes do carro ou dos muíños preguntando ás xentes dos vales do río Mero e do Sil e

mais polo Portádego, en Culleredo.

Así mesmo, ao longo dos anos setenta e oitenta Antón Santamarina, autor do Atlas Lingüístico Galego, compilou unha gran cantidade de cancións populares que foron completadas coa inxente e metódica recollida da musicóloga suíza Dorothe Schubarth. Ambos, despois dun labor conxunto de moitos anos, publicaron, entre 1984 e 1995, os sete tomos do *Cancioneiro Popular Galego*, no que se inclúen melodías, partituras e letras, que é considerado a biblia dos cancioneiros galegos.

Esta música que naceu nas vilas e aldeas galegas como acompañamento do traballo nas rogas —práctica de axuda mutua entre veciños para realizaren certos traballos, especialmente os agrícolas— e para amenizar comidas, ceas ou festas familiares e populares, así como para os encontros e regueifas entre homes e mulleres, tamén foi recadada por algúns grupos musicais, entre eles Fuxan os Ventos e, algo máis tarde, Lei-lía. Máis recentemente, este labor está a

ser continuado por toda unha serie de músicos, en parte investigadores, tales como as Tanxugueiras, Mondra, Fillas de Cassandra, Grande Amore, Baluca e Alboria, Caamaño & Ameixeras, Xabier Díaz, Sés, Samuel Soto e moitos outros.

Segundo o mencionado Antón Santamarina, académico numerario da RAG, «nas cantigas populares hai xoias poéticas extraordinarias e hai ademais un galego enxebre e saboroso. Coa axuda das cantareiras homenaxeadas (que xa non están entre nós) e de tantos intérpretes que por Galicia adiante beben do

«Existe en Galicia unha lírica popular de moitísima relevancia que foi transmitida fundamentalmente por vía oral»

seu legado, esperamos que no 2025 o Día das Letras Galegas dure todo o ano, aínda que a festa maior sexa o 17 de maio».

Tal como menciona Antón Santamarina, todas esas cantareiras homenaxeadas faleceron xa, pois o Regulamento de Réxime Interno da RAG no seu artigo 7 di: «Na primeira reunión despois do Día das Letras Galegas [de cada ano] o Plenario da R.A.G. escollerá o persoeiro a quen se lle dedicará esa conmemoración no ano vindeiro. A figura elixida deberá ser autora dunha obra relevante en galego e persoa de calidade cultural e humana que mereza propoñerse como exemplo á sociedade galega de hoxe. En calquera caso deben pasar dez anos entre a súa morte e a designación para ese día». Así pois, queda explícito que os persoeiros, homes ou mulleres, aos que a RAG dedique o Día das Letras Galegas, deberán falecer polo menos dez anos antes do seu nomeamento ou designación no primeiro pleno seguinte ao Día das Letras Galegas. A RAG ten que facelo así porque así o establece o seu propio Regulamento.

Con este texto quérome unir á celebración da lírica popular promovida pola Real Academia Galega e facer a miña particular homenaxe ás cantareiras, verdadeiras creadoras e transmisoras de arte e beleza, cunha despedida tomada do *Cancioneiro Popular Galego*:

*Eí vos vai a despedida,
o que deu o ghallo á pita,
non me podo despedir
destas caras tan bonitas.*

Un dos sinais da identidade viguesa como cidade moderna é o seu carácter de capital deportiva de Galicia. Foi dende o 21 de novembro de 1878 cando se creou a Sociedade Recreativa El Gimnasio de Vigo, a primeira entidade do asociacionismo deportivo, na rúa do Ramal, despois en Príncipe diante da actual sede do Celta, onde uns señoritos vigueses, coñecedores doutras cidades onde se practicaba o *sport*, facían esgrima e ximnasia utilizando os aparellos máis modernos, e logo bebían cervexa, unha bebida novidosa, nos seus salóns. Antes, en 1875, as sociedades El Casino, La Tertulia e El Recreo Artístico organizaran na rúa dúas regatas con motivo das Festas do Cristo da Vitoria, unha para as tripulacións de botes de catro remos das sociedades convocadoras, e outra para faluchos e lanchas de pesca con velame incluída. Consideráranse as primeiras competicións náuticas na ría, das que o vindeiro verán se fará o sequeiscentenario, que merecería ser celebrado.

El Gimnasio continuaría en 1884 aquelas regatas e tres anos despois se ocuparía de organizar a primeira proba ciclista en Galicia e artellar unha especie de velódromo no Malecón para practicar o deporte das dúas rodas. Sociedade organizadora, dende 1892, da Batalla de Flores e da creación do corpo de bombeiros que, segundo o historiador Eduardo Rolland, se montaría co modelo do Porto, tras unha visita de concelleiros e directivos da sociedade. Magoa que El Gimnasio fose lixida como sociedade en decembro de

Vigo, capital atlética

1936 polo feito de que rendese homenaxe ao seu socio Enrique Blein Budiño, o primeiro alcalde republicano, fusilado no Castro o 10 de decembro.

Anos nos que naceron en Vigo outros deportes coma o fútbol e o tenis da man dos oficiais do Cable Inglés e logo do Cable Alemán, coincidindo co espertar industrial da cidade, coa instalación eléctrica e co inicio da súa conexión ferroviaria directa con Madrid, vía Portugal, claro está. Unha historia iniciada o 10 de xuño de 1876 co anuncio de que os ingleses «xogan á pelota», continuada o 7 de decembro de 1880 cando aparece en FARO DE VIGO a que pode considerarse a primeira mención concreta ao fútbol en Vigo: «Moitos ingleses pasaron a tarde de onte xogando á pelota nos Cadros do Male-

«Un dos sinais da identidade viguesa como cidade moderna é o seu carácter de capital deportiva de Galicia»

cón». Mais haberá que agardar ao 23 de xaneiro de 1895 para que apareza a primeira referencia a un partido de fútbol que xogaron nos cadros do Recheo oficiais da frota británica. Certo que non pode considerarse como fútbol moderno, xa que, debido ás reducidas dimensións do campo, xogaban 8 ou 9 xogadores por equipo, pero o precedente aí está. Haberá que agardar a 1903 para contar coa primeira foto coñecida do cadro de xogadores dos Exiles F. C. de Vigo, sendo unha das máis antigas dun club de fútbol en España. No mesmo ano constitúese o Vigo Foot-ball Club, o Arte y Sport, que algúns apuntan naceu da sociedade La Oliva e outros da Escola de Artes.

Nestes albores do deporte vigués, onde non todo foi fútbol, tivo importancia o atletismo, desde os primeiros festivais atléticos olímpicos de 1913 e, sobre todo, os de 1915, organizados polos dous clubs principais de fútbol, o do Real Vigo Sporting Club, o 19 de setembro na catedral de Coia, o do Real Fortuna, o 31 de outubro e 7 de novembro, no seu campo de Bouzas. Festivais nos que participaron un cento de atletas españois, irlandeses e alemáns en disciplinas como 100 metros, 100 metros valados, lanzamento de disco (por vez primeira en Vigo), peso, resistencia de 1.500 metros, estafetas de tres atletas e loita de corda de equipos con oito compoñentes. O 9 de abril de 1916 celé-

brase o primeiro cros vigués no que participaron medio cento de atletas. O traxecto de cinco quilómetros pola cidade convocou a miles de persoas en Policarpo Sanz, Urzaiz e o Castro por onde se desenvolveu.

Primeiros episodios do atletismo en Vigo relatados con detalle no libro de Emilio Navaza, *Vigo, capital atlética* (Alvarellos 2025), no que se recolle a contribución viguesa ao primeiro deporte olímpico, dende as competicións pioneiras da década de 1920, a constitución da Federación Galega de Atletismo, a organización de varios campións de España, pasando por aquel Gran Premio Cidade de Vigo dinamizado dende 1958 por Alfonso Posada até a organización da Vigbay promovida en 2000 por Eduardo Vieira. Libro documental e fotográfico cuxa cerna reside no retrato deportivo dos nove atletas olímpicos vigueses, hoxe lendas do noso deporte: Carlos Pérez (1960, 1968 e 1972), Rogelio Rivas (1964), Javier Álvarez Salgado (1968 e 1972), Ramón Magariños (1968), Alejandro Gómez (1988, 1992 e 1996), Carlos Adán (1992), Estela Estévez (1992), Santiago Pérez (2004 e 2008) e Ester Navarrete (2024). Outro libro excelente do editor Alvarellos de coidada edición e temática viguesa. Moi recomendable para deportistas e curiosas da historia da cidade.

<https://bretemas.gal/>

MANUEL BRAGADO
Campo de Granada

